



FESTAS BURELA

2026

do 29 de maio
ao 9 de xuño

O LIBRIÑO DAS FESTAS

Cando seguir é a única maneira de non parar

Carmela López

ALCALDESA DE BURELA
E PRESIDENTA DA
DEPUTACIÓN DE LUGO

...

As nosas Festas Patronais nunca foron só festa.

Porque non nos referimos só a un programa de actos ou á música. Falamos dese momento do ano no que as rúas cambian, a xente volve e Burela énchese dunha maneira distinta.

E quizais é precisamente nese instante no que todo parece deterse cando unha comprende de verdade o que significan.

Porque hai momentos



nos que nada é sinxelo e cada persoa os vive desde un lugar propio. Hai días nos que a responsabilidade pesa máis do que se ve. É entón cando unha vila entende que, ás veces, seguir é simplemente a única maneira de non parar.

Por iso sabemos, mellor ca nunca, que as nosas Patronais son moito máis que unha festa.

Vémolo na Alfombra Floral, elaborada con pa-

ciencia e co orgullo de crear algo fermoso entre moitas mans; na procesión da Virxe do Carme e de San Xoán, que cada ano consegue emocionarnos igual; no son das sirenas dos barcos, que nos devolven á nosa orixe mariñeira; nas rúas cheas, na xente que regresa e nesas conversas que sempre se alongan máis do previsto.

Durante estes días Burela volve ao esencial: á súa xente.

E estas festas non serían posibles sen todas as persoas que levan semanas traballando, con discreción e constancia, para que todo saia adiante.

Grazas ás asociacións, aos colectivos, á hostalería, á comisión de festas, ao voluntariado, ao persoal municipal e, de maneira moi especial, a quen asumiu a responsabilidade de coordinar un programa destas dimensións coa dedicación e a entrega que require.

Grazas tamén ao noso pregoeiro, Julio López, fotógrafo e continuador



do oficio do seu pai, unha familia que soubo mirar Burela a través do tempo e gardar en imaxes boa parte da historia cotiá desta vila. Se hoxe podemos volver a tantos momentos que xa forman parte do que

somos é tamén grazas a esa memoria conservada con tanta sensibilidade.

E grazas, sobre todo, a unha vila que entende que hai citas que non pertencen só ao calendario, senón ao que somos.

Agora toca vivir o que levamos meses preparando. Agora toca, simplemente, ser Burela. Que estas Festas Patronais atopen unha veciñanza unida e orgullosa do que somos.



Felices Festas Patronais 2026!

Imaxes, imaxes... e máis imaxes

Julio López García

PREGOEIRO DAS FESTAS
DE BURELA 2026

...

Esto é unha broma, non? Mirei cara unha, mirei cara outra, e vin o sorriso nas súas facianas. Na miña xa subía a temperatura. Sudoración nas mans, escalofrío pola espalda e sequedade na boca. Acordeime da miña médico de familia dicíndome cada vez que a visito “bebe mucha agua”. E vaia si necesitaba auga nese momento.

Non dixen que si, tampoco dixen que non. Necesitaba reflexionalo. Non o podía crer, estaba ante un feito que xamais pensei acontecería. O pregón das Festas de Burela.

Que lle poido ofrecer eu ó pobo de Burela?, pensei.



Botei as seguintes horas e parte do día posterior, rumiando a idea. E dixen que sí, como podedes comprobar.

A partir dese momento empezaron a revolotear sobre a miña cabeza ideas, frases, datas, imaxes, imaxes... e máis imaxes. Porque deso se trata.

Dende os comezos do meu pai, Sergio, no mundo da fotografía, aló polos anos sesenta do século pasado ata a actualidade, sempre estivemos vinculados á imaxe. Pola nosa retina e polas nosas mans,

pasou a historia máis recente de Burela. O crecemento do seu porto e da industria pesqueira, o desenvolvemento urbanístico de Burela, pero sobre todo a súa sociedade, as súas xentes, os costumes, as tradicións, o deporte, a cultura... e, como non, as súas Festas.

Precisamente nunhas Festas, e concretamente nunha procesión, meu pai iniciou a súa traxectoria profesional.

Anos máis tarde, a finais da década dos oitenta, tocoume a min comezar cunha colección de vídeos

dedicados ás Festas, tradición que mantivemos ata chegado o século XXI, cando as cámaras dixitais e os móbiles liberáronme deses tarefas.

E digo ben, “liberáronme”. Durante moitos anos botei de menos poder participar máis activamente nas Festas, nalgúns dos seus actos, xa que, aínda que non perdía ningún, sempre me tocou facelo detrás da cámara. Non era un castigo, simplemente un traballo, unha responsabilidade.

Como a que teño este ano 2026. Facervos pasar un bo momento o día do pregón.

Propoñovos unha viaxe no tempo: levarvos ao pasado pero con “regreso ao

futuro”, non vaia ser que quedemos atrapados aló e non cheguemos a tempo para vivir as festas deste ano.

Sacar á luz momentos históricos que algúns aínda podeades rememorar, e outros vivir a experiencia por primeira vez.

E agradecer a toda a xente que durante os últimos sesenta anos, deixaron que Foto Sergio entrase nas súas casas, nas súas familias, e fixéronnos partícipes dos momentos máis importantes das súas vidas.

A nosa impronta quedará marcada para sempre en moitas familias de Burela e da Mariña, xa que o traballo que realizamos pasou a formar parte da súa historia persoal.

Mentras quede unha soa imaxe feita por nós nas vosas casas, Foto Sergio nunca desaparecerá.

Dicen que unha imaxe vale máis que mil palabras, e o meu forte non é nin escribir nin parolar, senón falar coa imaxe.

Ademais, xa levo gastadas unhas 488 neste momento, así que mellor vou rematando, non vaia ser que me quede sen palabras o día do pregón.

Espérovos o vindeiro 30 de maio ás 8 da tarde na Casa da Cultura, que de seguro, algo máis vos vou a contar.

Felices Festas Burela!!



Pregoar un paraíso chamado Burela

Patricia Eijo

CONCELLEIRA DE
FESTAS E FESTEXOS DE
BURELA

...

Ao longo dos anos, moitas persoas tiveron a honra de exercer como pregoeiras e pregoeiros, deixando cada unha delas unha pegada distinta, pero sempre cun mesmo fio condutor: o cariño profundo por Burela e pola súa xente.

Nas Festas Patronais de Burela, o pregón é moito máis ca un acto formal: é un momento de encontro, de emoción compartida e de orgullo por todo o que somos como vila.



É ese intre especial no que alguén toma a palabra non só para anunciar o comezo das celebracións, senón para falar dende o corazón a toda a veciñanza, poñendo voz a sentimentos que moitas veces son difíciles de expresar.

Porque un pregón non é só un discurso; é memoria viva, é identidade compartida e é tamén unha maneira de recoñecernos uns nos outros, de lembrar de onde vimos e de celebrar todo o que nos une.

Hai palabras que quedan para sempre. No seu pregón de 1999, Fernan-

do Ónega deixou unha desas frases que emocionan e que explican todo cunha sinxeleza fermosa: “Viñen como pregoeiro dunha festa e quero irme como o que sempre quixen ser, pregoeiro dunha terra que meu pai confundía co paraíso.” Nela xúntase algo moi noso: o cariño pola terra, os recordos da casa e ese orgullíño de ser dun sitio que levas dentro.

Hoxe, lembrando a Fernando Ónega tras a súa recente partida, esas palabras cobran aínda máis forza. Porque el soubo, como poucos, darlle valor

á palabra, coidala e empregala para achegar ás persoas. A súa traxectoria como xornalista estivo marcada precisamente por iso: pola capacidade de contar, de explicar e de emocionar, algo que conecta de maneira natural co espírito dos pregóns festivos.

Así, cada vez que se le un pregón en Burela, non só se abre oficialmente a festa. Ábrese tamén un tempo de reencontro, de compar-

tir, de lembrar e de sentir. É o comezo dun espazo onde a música, a tradición e a convivencia enchen as rúas, pero onde tamén as palabras seguen tendo un lugar especial.

Porque, ao final, o pregón é iso: unha voz que nos xunta, un momento que fala de nós e un recordo que queda máis alá da festa, gardado na memoria de toda a xente de Burela, que sabemos pasalo ben pero tamén sentir.



ADRIÁLEX



ADVENTO



ADVENTO UNO



BREGÁN UNO




BREGÁN TRES



BRESO UNO



CORAL SIETE



FESTAS BURELA  2026

embar



CRUZ Y CRISTO



ESPADÍN DOUS



FARO DE BURELA



FARO DE ONS



FRANIVÁN



GEMA ANTONIO



IDURRE BERRIA



KEVIN



LLAVE DE BURELA



LOUCENZAS



MADRE QUERIDA



MAR DE NAYA



MARÍA VIDAL



MARIÑEIRO DOUS



MATALEÑAS SEGUNDO



NOVO ESTRELLA




NUEVO CHAROLAIS



NUEVO EBENEZER

colaboraciones caciones



NUEVO MADRE ROSAURA



O CANTIÑO



PACHILÁN



PLAIA DE RUETA



PUNTA DOS XUNCOS



RAÚL PRIMERO



RIBEIRA DO MAR



RÍO XUNCO



SEGMON



SIEMPRE NUEVO ÁNGEL



SIEMPRE REVUELTA



SIEMPRE SAN PRUDENCIO



TOBALINA



VALLE FRAGA



VERA



VILLA ARGOTE



VIRGEN DE PASTORIZA



VIRXE DA BLANCA

O POBO FALA: as voces que fan as Festas de Burela

As asociacións que dan vida ás celebracións patronais comparten o que significan para elas estas datas tan especiais

As Festas Patronais de Burela non son obra dun só. Detrás de cada alfombra de flores, de cada procesión, de cada nota musical que enche as rúas da vila hai mans, ilusión e compromiso de toda unha comunidade. Oito asociacións que forman parte da organización abren as portas do seu sentir para contarnos o que estas festas representan, desde o fervor relixioso ata a identidade dun pobo que se reconece a si mesmo no latexo colectivo do verán.

Tradición, cor e fervor ao chan

A **Asociación Cultural Burela Floral** define as Festas como “un dos eventos máis importantes do pobo, nos que prima a tradición, a cultura e a xuntanza de familia e amigos”. Para eles, o mellor recordo é ver como as súas alfombras evolucionan ano a ano, enchendo

de cor a rúa o sábado das festas, esa xornada na que centos de veciños dobran o xeonllo ao chan para elaborar unha obra de arte efémera pola que desfilarán os patróns: San Xoán e a Virxe do Carme. Con rotundidade e orgullo definen a súa festa: “As Festas de Burela son as mellores da volta, cheas de fervor e sentimento, o pistoletazo de saída das festas da redonda.”

O comercio, parte viva da celebración

A **ACIA Burela** ve nas Festas “unha oportunidade única para dinamizar o comercio local e reforzar o vínculo entre veciñanza, visitantes e negocios”. O seu mellor recordo é simple e poderoso: ver as rúas cheas de xente, con ambiente nos comercios e unha vila viva e activa. Desde a asociación impulsan iniciativas para atraer xente á vila durante as celebracións, convencidos

de que a implicación de todos fortalece o tecido social e económico de Burela. O seu desexo cara ao futuro é que as Festas sigan medrando combinando tradición e innovación. A súa frase: “Motor de vida local.”

O son do Antergo e as bocinas do porto

Para a asociación **Ledicia**, as Festas son “tempo de agradecemento e reencontros; tempo de honrar á patroa do mar e ao patrón do pobo”. Máis que un mellor recordo, falan de mellores momentos: o instante en que o sábado comeza a procesión co son do Antergo, e a emoción de transitar polo porto entre as bocinas dos barcos. Colaboran coa Comisión de Festas na organización das procesións e facendo parte delas musicalmente, engalanados co traxe tradicional. Len o futuro coa lucidez de quen coñece



ben o pobo: cada vez é máis complicado sacar as Festas adiante, tanto economicamente como pola burocracia que conlevan. E con poesía sintetizan o seu significado: “Cambio de ciclo”, esa transición entre a calma festeira do inverno e a revolución festeira do verán.

Música, gastronomía e verbena galega

Arume define as Festas Patronais como símbolo de “tradición, unión e reencontro”, a excusa perfecta para gozar da música, da gastronomía e da auténtica verbena galega, compactando o lado relixioso co festivo. Gardan un especial recordo

do ano en que participaron en directo na Televisión de Galicia durante a retransmisión das Festas. Colaboran activamente nas actividades musicais e culturais previas aos días grandes. Cara ao futuro, son optimistas: confían en que a xuventude da vila, arroupada por quen xa ten a experiencia de organizar, ten capacidade dabondo para seguir con elas e facelas inesquecibles. Defínelas en catro palabras: “Tradición, cultura, orgullo e unión dun pobo.”

O canto que eleva a Salve Mariñeira

A **Coral Polifónica** entenden as Festas como o mo-

mento de honrar aos patróns do pobo, e o seu mellor recordo é tan preciso como emocionante: “a solemnidade do canto da Salve Mariñeira e a explosión de aplausos”. Achegan o seu canto vocal ás celebracións litúrxicas e colaboran en todo o que poden para que as festas saian adiante xunto con outras asociacións e a Comisión de Festas. Falan do futuro con sinceridade e preocupación: a xente máis nova non se implica, todo é cada vez máis caro, as tradicións vanse perdendo. Aínda así, seguen alí, coa voz erguida. Para eles, as Festas son o “inicio de temporada de Festas”.

Bandas, pasarrúas e o ritmo do mar

Dambara describe as festas de Burela cunha imaxe case poética: “canalizan a enerxía e vitalidade do latexo colectivo de familiares e amigos, ao ritmo que marca o mar”. Reviven tradicións culturais, relixiosas e musicais sobre alfombras de flores que arrecenden a primavera. Os seus membros teñen sempre presentes as procesións musicais coa Virxe, desde a Vila do Medio ata a Igrexa Parroquial e de alí ao porto e o mar, que consideran os días máis especiais do ano. O seu labor é manter viva a presenza tradicional de bandas e pasarrúas polos barrios da vila durante o sábado e domingo das festas. E definen con claridade o que representan: “Burela en Festas: un xeito de vivir e de celebrar.”

A hostalería, corazón aberto da vila

A **Asociación de Hostalería de Burela** ve nas Festas “a unión e o reencontro de todo un pobo”, días para compartir e para poñer en valor a xente, a gastronomía e o espírito acolledor da vila. O seu

recordo máis inesquecible é ver o peirao cheo de barcos e lanchas agardando á Virxe, e escoitar o son das sirenas dos barcos acompañando o seu paso: “un momento que nos pon a pel de galiña e emociona a todo o pobo”. Colaboran activamente na organización, traballando man a man con outras asociacións na recadación de fondos e implicando ao comercio local. Recoñecen o reto que supón atopar relevo, pero confían en que o espírito de colaboración continúa vivo. O seu resumo: “O encontro entre o mar, a tradición e o corazón da nosa xente.”

O encaixe da tradición

As Encaixeiras definen as Festas como “tempo de compartir e gozar cos amigos e a familia”, e o seu mellor recordo é ver as rúas e o porto cheos de xente gozando de todos os actos. Colaboran na recadación polos comercios do pobo e na organización de eventos ao longo do ano para reunir fondos. Falan do futuro con preocupación: os prezos suben, o traballo de organización é enorme

e cada vez menos xente arrima o ombreiro. Pero o seu espírito resúmese nunha frase chea de calor: “Ilusión, tradición e agarimo que sumamos entre todos.”

Un pobo que se reconece nas súas Festas

Oito voces distintas, oito formas de vivir as Festas, pero un mesmo fío condutor: as Festas Patronais de Burela son moito máis que fogos, procesións ou verbenas. Son o espello no que un pobo se mira e se reconece. Son o momento en que veciños que marchan volven, en que familias que o tempo separou se atopan de novo, en que as tradicións se renovan para seguir camiñando cara ao futuro.

O reto está sobre a mesa: os prezos soben, os voluntarios escasean, a burocracia pesa. Pero mentres haxa mans dispostas a dobrar o xeonllo ao chan para facer unha alfombra, gargantas que ergan a Salve Mariñeira, e bandas que percorran os barrios ao son da gaita, Burela seguirá sendo Burela. E as súas Festas, as mellores da volta.

grazas

 **A Chave** inmobiliaria
da ORO



ARRACADA
PRODUCCIÓNS

BRÉTEMA

• GASTROBAR •

Arcadio Pardiñas 165 Bajo
Burela (Lugo)

982 907 882

@BRETEMAGASTROBAR



CONTRASTE
FOOD&DRINKS

 **EROSKI** center
BURELA

Perdouro, 13
982 582 710

 **EROSKI** city
BURELA

Avda. Arcadio Pardiñas, 111
982 581 265

grazas



Espectáculos Pico, s.l.

C/ Severino Cocifa, nº 1 • 27770 FERREIRA O VALADOURO (Lugo)
Tel.: 982 57 42 28 Móviles: Pico: 608 58 87 24 • R. Pico: 676 64 38 78
espectaculospico@hotmail.com • www.espectaculospico.com

EXCAVACIONES
ISIDORO, S.L.
CONTRATAS

garsán
Ingeniería en Mecanizado
Soldaduras Especiales



iluminaciones
SANTIAGUESAS

L'URBANA

grazas

LOGAIDEA
COMUNICACIÓN

Marina Deter




**O ALMACÉN
DO PEIXE**

 **saa**
Garantía de calidad

- Albañilería:
Reforma de Viviendas y Rehabilitación
- Obra Nueva
- Urbanizaciones, Parques y Jardines
- Movimientos de tierra y demoliciones
- Toda clase de Obra Pública

•PIDAMOS PRESUPUESTO SIN COMPROMISO
DISPONEMOS DE OFICINA TÉCNICA
ESPECIALIZADA

C/COSTA DE CASTRO 1 ENIPLTA. A APDO CORREOS 73 - 27780 FOZ (LUGO)
Tel: 982 13 30 08 - Fax: 982 13 31 01 - www.cajosesaa.com

SALITRE

SEIRAMAR
ESPECTÁCULOS MUSICALES



O despertar do enduro en Burela: do Monte Castelo ao cume nacional

Jaime Seijas

PRESIDENTE CLUB
CEREZO BIKES

...

Burela non é só mar; tamén é a verticalidade dos seus montes e o ruxido das cadeas baixando a toda velocidade. A carreira de bicicleta de montaña **Enduro Monte Castelo Burela** consolidouse como un fenómeno deportivo e social que transformou a fisionomía da localidade lucense cada vez que chega a fin de semana de competición.

Os inicios: paixón e sacho

O que hoxe vemos como unha proba de elite naceu da vontade dun grupo de entusiastas locais. Os primeiros pasos na organización foron un exercicio de



pura resistencia: meses de traballo manual abrindo sendeiros, limpando mato e deseñando tramos que equilibrasen a técnica co espectáculo. Ese esforzo artesanal por recuperar camiños antigos do Monte Castelo foi a semente de algo moito máis grande. A comunidade ciclista local non só buscaba unha carreira, senón poñer a Burela no mapa do "Enduro" nacional.

O salto á elite

A calidade dos trazados e a impecable xestión lóxística non pasaron desapercibidas. Tras o éxito das

primeiras edicións, a proba deu un golpe enriba da mesa ao converterse en Campionato Galego, atraendo os mellores especialistas da comunidade.

Porén, o verdadeiro fito chegou coa súa inclusión no calendario nacional. Este ano, por segunda vez consecutiva, o Monte Castelo vibra como sede da **Copa de España**. Esta evolución fixo que a participación medrase de forma constante ano tras ano, obrigando á organización a profesionalizarse aínda máis para acoller centos de corredores de todo o país.

O espectáculo nas rúas

Este ano, e por terceiro ano consecutivo, o Enduro Monte Castelo Burela conta cun tramo/descenso urbano, unha iniciativa que tivo unha acollida excepcional. Este descenso polas rúas da vila permite que o público goce da destreza dos ciclistas a poucos metros de distancia, mentres que para os corredores supón un desafío técnico diferente e moi divertido que rompe coa dinámica do monte.

Repercusión no pobo

Para Burela, o Enduro é hoxe un motor económico e un orgullo de identidade. A repercusión no pobo é total:

Hostalaría ao completo: Hoteles e restaurantes colgan o cartel de "completo" semanas antes.

Turismo activo: Os sendeiros permanecen todo o ano, atraendo ciclistas fóra da data de competición.

Ambiente festivo: A zona de "paddock" e o tramo urbano converten a localidade nun fervedeiro de xente,



integrando a competición no corazón da comunidade.

O Enduro Monte Castelo demostrou que, cunha base sólida de voluntarios e unha orografía privilexiada, un pequeno pobo costeiro pode converterse na capital do ciclismo de montaña máis extremo. Cada edición é unha proba superada e o listón, igual ca os saltos do circuito, non deixa de subir.



grazas



grazas

 **ausmar**

Comer, Beber e Facer
Boasmigas

Distribucións
Carreiras

 **CENTRO
VETERINARIO
A MAROSA**

 **CETÁREA
BURELA**



Clínica Podolóxica Eva

 **Clínica Podolóxica**
PODOLOXÍA • PEDAGOXÍA

 **Cazás, s.l.**
construcciones

CUEVAS  **CASH**

edo 
ESPIÑA&DELFIN

grazas



grazas

NORDÉS
BURELA

DECORACIÓN INTERIOR Y EXTERIOR
TALLER DE BARNIZADOS Y LACADOS
PINTURA INDUSTRIAL

REGA PINTURAS MARIÑA



O Sur do Pintor

PINTURAS - MANUALIDADES - TARIMA FLOTANTE
SUELOS VINÍLICOS - MOQUETA - SINTASOL



O noso mar, a nosa forza.

Boas Festas 2026!

ROMPEOLAS

BURELA DESDE 1989

Rosavel
flor

SIXTO EIJO
CONSTRUCCIONES_SL



Talleres Roca López, S.L.

INDUSTRIA AUXILIAR DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL
El Puerto, s/n. - Teléfono: 982 58 00 22 / 27 - Apartado 36 - 27860 BURELA (Lugo)

TALLERES
RUIZ

HOSTAL
Valle de Oro
CAFETERÍA - RESTAURANTE

Burela: onde o mar fala coa terra

Herminia Pernas


CRONISTA OFICIAL
DE BURELA

...

Nas festas, cando a vila se enche de voces, música e reencontros, paga a pena lembrar o territorio que nos sostén.

Burela é un lugar que se recoñece polo oído -no rumor do Cantábrico e o vento do nordés-, polo cheiro a salitre e pola vista dun horizonte onde o mar e as pequenas elevacións da Mariña dialogan sen présa. Quen chega descobre axiña que aquí a natureza non é un simple fondo decorativo, senón o alicerce da nosa historia, da nosa economía e da nosa identidade colectiva.

A vila naceu entre o mar e o barro, entre o Cantábrico que alimentou xeracións de mariñeiros e



o caolín que marcou a vida industrial do pasado. Ese equilibrio entre dous mundos segue presente hoxe no relevo suave que desce cara á costa, nos regatos que un día modelaron unha ampla zona húmida e nas praias e cantís que continúan mudando co paso das mareas.

Un territorio amable para camiñar e descubrir

O relevo de Burela é accesible, perfecto para quen busca paseos tranquilos, rutas curtas e panorámicas sorprendentes.

As pequenas alturas, como A Marosa, O Cantiño e A Vila do Medio, funcionan como miradoiros naturais desde os que se entende a estrutura do territorio: a transición progresiva entre o interior e o mar, a continuidade entre zonas urbanas e espazos naturais, e a maneira en que a xeoloxía condiciona cada recuncho.

A costa é un dos grandes tesouros do municipio. Alternan tramos rochosos e praias abertas ao vento do nordés, creando un mosaico de paisaxes que muda coa luz e co estado do mar.

A praia da Marosa é ampla, aberta e inqueda, cunha area branca e fina, augas cristalinas e unhas ondas que varían entre moderadas e fortes, ideais para a práctica de deportes acuáticos.

Cara ao oeste, a cala de Ril aparece como un recuncho íntimo e protexido, perfecto para observar a transición entre a rasa cantábrica e o mar aberto. Preto dela, a cala do Cabaliño, de carácter máis urbano, únese coa marea baixa á praia do Portelo, coñecida como “a urbana”, que pasou de ser un cantil golpeado por violentas ondas a converterse nun espazo tranquilo, integrado na vida diaria da vila e moi querido polas familias.

Xa na raia co concello veciño de Foz localízase O Cantiño, unha diminuta praia “salvaxe” que, coa marea chea, desaparece e convértese nunha ribeira, actuando como balcón natural sobre o Cantábrico e ofrecendo unha das mellores vistas do litoral recortado de Burela.



Unha xeoloxía que conta historias de millóns de anos

Baixo os nosos pés agóchase unha historia antiga, escrita en xistos, cuarcitas e granitos que se formaron hai centos de millóns de anos. A oroxénese hercíniana, ese gran proceso tectónico que moldeou o noroeste peninsular, deixou aquí pregamentos, fracturas e contactos rochosos que o mar leva esculpindo desde entón.

As plataformas rochosas de Burela son un auténtico laboratorio ao aire libre. Nelas aparecen as coñecidas pías e cacholas, pequenas cavidades creadas pola erosión mariña que reteñen auga e vida: algas, moluscos e pequenos crustáceos. Son formas sinxelas pero fascinantes, que explican como o Cantábrico traballa a rocha con paciencia infinita.

En Castrelo, a xeoloxía móstrase con especial claridade: a poucos metros conviven a rasa cantábrica formada por cuarcitas paleozoicas, e o batólito granítico de San Cibrao. As capas dobradas, os pregos tombados e os contactos entre rochas distintas converten este espazo nun dos mellores puntos da Mariña para comprender a historia profunda da Terra.



A memoria da auga: regatos que modelaron a vila

Durante séculos, os regatos foron os grandes arquitectos do territorio. Lamestra, Perdouro e Torrentes alimentaban unha ampla zona húmida no centro da vila. Aquela Burela antiga era un espazo de veigas, lameiros e camiños que buscaban pasos secos.

A urbanización do século XX canalizou ou soterrou moitos destes cursos de auga, pero a súa pegada segue viva nas curvas das rúas, nas depresións do terreo, na toponimia e na memoria colectiva. Hoxe, itinerarios como a Ruta Interpretativa da Auga permiten redescubrir ese pasado oculto e comprender como este recurso condicionou a vida, os cultivos e os asentamentos.

Entre o salitre e os regatos: un mosaico de vida

O clima húmido e suave favorece unha vexetación verde durante boa parte do ano. Na costa, plantas resistentes ao vento e ao salitre fixan o solo e protexen fronte á erosión. No interior, prados, pequenas manchas de bosque e cultivos tradicionais conviven con plantacións de eucalipto. Nos regatos -mesmo nos que xa non se ven- prosperan fentos, xunqueiras e salgueiros.

A fauna é igualmente diversa: aves mariñas como a gaivota patiamarela ou o corvo mariño cristado, pequenos mamíferos nos prados interiores, anfibios nas zonas húmidas e, ocasionalmente, golfiños costeiros que se achegan á franxa litoral en busca de alimento. Un territorio pequeno, si, pero sorprendentemente rico en vida.


Un destino que invita a volver

Burela é un lugar para vivir, pero tamén para visitar, coñecer e valorar. Un territorio que invita a deterse, a mirar e a sentirse parte dun diálogo continuo entre a terra e o mar. Quen chega descobre un destino sinxelo e auténtico; quen regresa sabe que aquí sempre hai algo novo que observar: unha luz distinta sobre o Cantábrico, un recuncho que pasara desapercibido, un detalle da xeoloxía ou da paisaxe que conta unha historia diferente.

Nestes días de festa, cando celebramos o que somos, tamén celebramos o territorio que nos fixo así. Burela é un lugar que medra, que se transforma e que conserva, ao mesmo tempo, a esencia dun espazo profundamente ligado á natureza. Un lugar que paga a pena coñecer con calma, a pé, deixando que o mar e a terra fagan o resto.



grazas




grazas




grazas



grazas



grazas





NOCEDA
asesores

**NOTARÍA
BURELA**

NunaBelle
centro de estética e masaxe

Fontanería - Calefacción - Gas



OFARO
José González Veiga



ORTOPEDIA
DA MARIÑA



ofi
costa



Onyx
DISCO PARTY
Burela



ORTOPEDIA
DA MARIÑA

**PABLO
PENAS**

VENTA DE
ELECTRODOMÉSTICOS
SERVICIO TÉCNICO

PELUQUERÍA
ALBORADA

PELUQUERÍA

Lola



PERSIANAS
PINÍN



PIROTECNIA
REIRIZ

POMEDA S.L.



Servicio Oficial
PEUGEOT



REME
PELUQUEROS

rufino
CARNICERÍA



SANIMOVIL
ASEOS MÓVILES W.C.

FIESTAS - EVENTOS - CONCENTRACIONES
CONCIERTOS - ESPECTÁCULOS - ETC



S.G.B.
Servicios Generales de Burela

Avda da Mariña, 91 - 27880 BURELA
Tf. +34 982 585 306 Móvil. + 34 677 524 737
sgburela@sgburela.com

SMART
PHONE



PARADA TAXIS
BURELA
982 58 10 07



The
English
Lab

644 04 74 02



Toxeiro
muebles

Toxeiro
descanso
COLCHONERIA



Venetus
CERVECERIA

EROSKI viajes
se une a
azulmarino

RiL
HOTEL



VISTALEGRE
★ CAFÉ-BAR ★

Xnl_{AU}
xanela arquitectura

XOGANDO
NAS*NUBES



Burela ten moito que dar a coñecer aos seus visitantes

Andrea Andión


OFICINA DE TURISMO
DE BURELA

...

O mar, as súas rochas, a gastronomía, o porto, a paisaxe, as súas xentes.

Son moitas as persoas que poñen o seu gran de area para amosar toda a riqueza que temos, creando unha oferta turística que pon en valor o patrimonio natural e cultural do municipio.

A xeoloxía é un dos grandes atractivos que se da a coñecer en tres XeoRutas, uns paseos guiados e interpretados que nos levan ata puntos como as diáclases ortogonais da Marosa, os pregues do Perdouro, a Igrexa de Coedo ou os arcos do Cantiño, coñecendo a súa



formación e entendendo a súa importancia.

Outro lugar que atrae moitas miradas é **Cabo Burela**, que a finais do verán convértese nun dos mellores lugares de Europa para o avistamento de aves migratorias mariñas. Para saber máis destes animais propóñense as ru-

tas ornitolóxicas, nas que se logran avistar diferentes especies.

A historia de Burela non queda esquecida nesta oferta, e para iso temos que ir 'Máis alá do mar', nome que se lle dan ás rutas guiadas pola **Vila do Medio** e que rematan na súa igrexa.



A cultura pesqueira e os traballos no mar son fundamentais para entender a Burela que temos hoxe, e quen mellor para explicalo que os amigos da **Moncloa** nas súas visitas guiadas polo interior do seu local no porto.



Sen dúbida, a **Ruta do Peixe** é a actividade máis demandada do verán. A grande maioría dos visitantes devecen por ver a rula, os peixes, a chegada dos barcos ao peirao, e é que a lonxa de Burela é das poucas en Galicia que ofrece visitas ao seu interior.

Neste 2026 abriuse un novo punto de divulgación, **o espello do noso faro** que alumea desde a contorna da Marrosa, o molde que David Catá converteu en arte e que conta a historia de Pena Burela.



Por último non podemos esquecer a nosa xoia: o **Reina del Carmen**.

O boniteiro que Lino trata con tanto mimo e que tan ben conta a historia de Burela ligada ao seu mar. O **Barco Museo** é a esencia para entender a importancia que tivo e ten a pesca do bonito para o pobo burelao.



Comeza un novo verán, unha nova costeira e agardamos que moitas persoas nos visiten con interese e respecto polo noso.

No futuro queda seguir apostando por un **turismo sostible**, que teña como prioridade aos veciños e que resalte o mellor dos seus bens, e para iso, Burela ten os ingredientes perfectos.

pro gra ma

festas
patronais

2026

do 29 de maio
ao 9 de xuño

venres
29 maio

COMEZAN AS FESTAS

19:00

Encontro multicultural de Burela na Praza da Mariña: sabores e ritmos.

20:30

Misa e Procesi3n na honra da Virxe do Carme dende a Igrexa da Vila do Medio ata a Igrexa Parroquial de Santa Mar3a, acompañada pola Banda de Gaitas Dambara de Burela.

Estrea do alumeado festivo.

s3bado
30 maio

O PREG3N

20:00

Preg3n a cargo de **Julio L3pez Garc3a** no Auditorio da Casa da Cultura.

22:00

Cea baile na carpa da Praza da Mariña. A festa estar3 amenizada por DiscoMovil Conxuro.

domingo
31 maio

D3A INFANTIL

17:00

Festa infantil e xuvenil con inchables na Praza do Concello.

luns
1 xuño

SAÚDE EN MARCHA

19:00

Camiña, respira, descubre: andaina ata o molde do Faro. Sa3da dende a Praia do Penoural.

programa·festas'2026

martes **2 xuño**

MÚSICA NA RÚA

18:30

Batuko Tabanka.

Praza da Mariña.

19:00

Acordeonistas da Mariña.

Parque Rosalía de Castro.

19:30

ACM Arume.

Praza da Mariña.

20:00

SCR Leticia.

Rúa do Río.

20:35

Coral Polifónica de Burela.

Praza do Hórreo.

21:00

ACM Dambara.

Praza da Mariña.

mércores **3 xuño**

KARAOKE INFANTIL E XUVENIL

20:30

Gran **karaoke categoría infantil e xuvenil** no Auditorio da Casa de Cultura.

xoves **4 xuño**

KARAOKE SÉNIOR

20:30

Gran **karaoke categoría sénior** no Auditorio da Casa de Cultura. Retransmisión en Streaming.

venres **5 xuño**

VENRES DAS FESTAS

Durante os días grandes contaremos con atraccións no recinto feiral na explanada portuaria.

23:00

Verbena nocturna coas orquestras Cayena e Kubo.

programa·festas'2026

sábado 6 xuño

ALFOMBRA FLORAL

Ao longo da xornada confección da espectacular Alfombra floral.

10:00

Pasarrúas coa Banda de Gaitas do Ortegal.

12:00

Pasarrúas coa Batucada CadaBatú.

14:00

Sesión vermú coa orquestra Principal.

17:00

Pasarrúas coa Banda de Gaitas do Ortegal.

20:00

Concerto da Agrupación musical Santo Inocencio de Burela na Praza do Concello.

20:30

Misa cantada pola Coral Polifónica de Burela na Igrexa Parroquial.

Ao remate da misa, **procesión nocturna** de baixada das imaxes da Virxe do Carme e San Xoán Bautista ao altar instalado na Nave de Redes do porto, coordinada pola S.C.R. Leticia e acompañada pola Agrupación musical Santo Inocencio de Burela e o Grupo de Música Tradicional da S.C.R. Leticia.

Participación aberta a calquera persoa que desexe acompañar a procesión vestindo o traxe tradicional galego.

Ao paso da procesión polo peirao, tradicional saúdo da frota pesqueira á Santa.

Á chegada da procesión ó final do porto, inicio do **espectáculo pirotécnico**.

23:00

Verbena nocturna coas orquestras Principal e La Fórmula.

programa·festas'2026

domingo 7 xuño

PROCESIÓN MARÍTIMA

10:00

Pasarrúas a cargo da Agrupación musical Santo Inocencio de Burela e da Banda Nª Señora do Nordés OJE de Ferrol.

12:00

Misa de campaña cantada pola Coral Polifónica de Burela na Nave de Redes do Porto.

Procesión marítima: a Virxe do Carme será porteadada polo buque 'O Cantiño', acompañada por parte da frota do porto de Burela.

14:00

Sesión vermú coa orquestra Trébol.

17:00

Pasarrúas coa Banda Nª Señora do Nordés OJE de Ferrol.

23:00

Verbena nocturna coas orquestras Trébol e Combo Dominicano.

luns 8 xuño

LUNS DAS FESTAS

12:00

Procesión de subida das imaxes ata a Igrexa Parroquial de Santa María, acompañada pola agrupación musical tradicional S.C.R. Leticia.

14:00

Sesión vermú coa orquestra Pontevedra.

23:00

Verbena nocturna coas orquestras Pontevedra e Panorama.

martes 9 xuño

OFRENDA FLORAL

12:00

Cerimonia da Ofrenda Floral no porto, en homenaxe ás persoas que faleceron no mar.

orquestras

**viernes
5 xuño**

23:00 VERBENA



**sábado
6 xuño**

14:00 SESIÓN VERMÚ

23:00 VERBENA



**domingo
7 xuño**

14:00 SESIÓN VERMÚ

23:00 VERBENA



**luns
8 xuño**


14:00 SESIÓN VERMÚ

23:00 VERBENA





FESTAS  **BURELA**




grazas




grazas



grazas



grazas



GRAZAS TAMÉN POLA SÚA COLABORACIÓN A: ABOGADO IGNACIO BERMÚDEZ DE LA FUENTE • ANÓUXERE ARTESANÍA TÉXTIL • AXIS CENTRO DE MASAJE • BIENVENIDO A COMPRAS • CARLÍN • CELEBRA O TEU DÍA • CENTRO DE NEUROLOGÍA REDES • CENTRO DE NEUROLOGOPEDIA / NEUROLÓXICO • CENTRO HOLÍSTICO CLÍNICA DENTAL BURELA • CISBAR • ELÍAS TIMIRAOS • FINCAS MÓNICA • FRANCISCO RODRÍGUEZ

grazas



GRAZAS TAMÉN POLA SÚA COLABORACIÓN A: • GIMNASIO BREGOÁN • GLS • JOMAR • LOMA ZAPATERO • LUIS EUJO VALLE ARQUITECTO • MARTA BARCALA • MERCASOFÁ • MOTOS GUSTAVO • MUCHAS • NEUMÁTICOS FERNÁNDEZ • NOEL PINÍN • NORA MODA • PELUQUERÍA DANIEL • RESTOS DE STOCK • RETRO • SABOR A FAMILIA • SEREA • SHEN TAI TI • TALLER ELÉCTRICO NILO • ZAPACO

A Burela que namora

María Cuadrado

XORNALISTA
LA VOZ DE GALICIA

...

«Queda prohibido el enfado y el aburrimiento (...) Boa costeira e que viva Burela!»

Corría o ano 1993 e o sociólogo **Antonio Rodríguez** confesaba a satisfacción de ser pregoeiro do seu pobo. A elección de quen debe comunicar a celebración dunha festividade non é un tema menor e quen acepta sabe da gran responsabilidade da encomenda.

Tirar da hemeroteca axuda a refrescar a memoria. Anima a volver a vista sobre o ano 1994, cando **Herminia Pernas** pregoou as festas e a comarca en-



teira vibrou con Barricada. Si a actual cronista oficial declarou ser «unha burelesa de corazón» e loou o traballo dos que contribuíron a forxar a historia do pobo, outras e outros tamén homenaxearon ás xentes de Burela. A eles e a elas. Ás que traballaron na fábrica, ás redeiras, ás tendeirás, ás costureiras, ás mulleres dos mariñeiros...

Hai trinta anos, a intervención de **Carmen Fernández**, licenciada en Filosofía e Letras, foi toda unha reivindicación. Tamén pensou nesa clave o exconselleiro **Celso Cu-**

rrás. «Se é duro o combate co mar, se é titánica a loita coas ondas, non o é menos a espera das mulleres (...) Sempre pendentes, agardando noticias do que anda a mariñar», relataba en 2002.

Outro asunto recorrente nos discursos é o do desenvolvemento. O médico **Julio López Roibal** repasou en 1997 o impresionante cambio daquela «pequena aldea» que el coñecera a principios da década dos sesenta, destacando o tesón dos veciños para sortear as carencias.

Non se quedou atrás o xornalista **Fernando Ónega**. En 1999 confesaba ante os burelenses que el aprendera a amar Burela «cando moitos de vosoutros aínda non nacéades, cando soio había unhas lanchas pequenas no porto...».

Quédannos as reflexións do capelán militar **Julio Taboada** sobre a súa estancia na localidade como párroco entre 1952 e 1955 e as de **Francisco Jaureguizar**, quen en 2003 compartiu cos asistentes ao pregón lembranzas de rapaz e a súa visión como impulsor empresarial.

E a pesca, sempre o mar. O «San Bonito», como o definiu na súa intervención en maio de 2001 **García Leira**, daquela presidente do Parlamento. Houbo quen foi máis aló. O capitán marítimo **Bernardo Rodríguez** no 2004 non o dubidou e abreu o seu corazón ante o auditorio: «Din os psicólogos que ao longo da vida se van establecendo puntos de referencia, e para min, un deles é Burela».



Se para a actriz **Rosalía Castro** Burela «é como unha caixa de música, ao abrila escoitas o son do mar», **Mercedes Girón** destacou no pregón pronunciado en 2005 o carácter acoledor deste pobo, o meteorólogo **Martín Barreiro** aplaudiulle a esta vila «con espírito de cidade» e a profesora e ilustradora **Ana Moreiras** confesou hai un ano que levaba corenta sin perder as súas festas.

Quedan moitos por lembrar, pero máis virán para declararlle o seu amor a Burela, amor e compromiso, como ben dixo o músico e mestre **Manolo Maseda**. Boas Festas, Burela!



José Trapero Pardo / Pregón das Festas de Burela, 1980

grazas



RESTAURANTE - MARISQUERÍA

integralmotion.es

KM 0 | SEMINUEVOS | OCASIÓN



***Maderas Míguez
de Burela, S.L.***

grazas



Cofradía DE
Pescadores
BURELA



ABS A

FELICES FESTAS



CONCELLO DE
BURELA



as
encaixeiras

